



Don
Bernardino
doblemente
premiada en
Amandi



Páxina X

Medio Ambiente
e Os Bolechas
lanzan un
concurso de
debuxo sobre
reciclaxe



Páxina XI

O Couto
mobilízase para
defender o seu
parque



Páxinas XII

Medio Ambiente
aproba o Plan
Xeral da Teixeira



Páxina XIV

Identificados
dous valiosos
manuscritos do
século XIII



Páxina XVI

O SacraFestival
será en
Chantada e O
Saviñao



Páxina XVII



Belesar prepara a XIV Festa do viño e das cereixas

Páxina XV

Entrevista



Rafael Cuíña, alcalde de Lalín

“A campaña centrarase en PP ou en Cuíña”

Páxina IX



**TABERNA
DO PERICO**
Petiscos e tapas
Carnes á grella
Especialidade: bacallau
988 23 11 13
628 031 105
Rúa da Unión, 2.
Casco Vello Ourense.



ALPENDRE PULPO
Tapas, revoltos, montados.
Rúa Fornos, 2. Casco Vello OURENSE

Opinión

Por Manuel Estévez

Pola cidade de Vigo detrás das pegadas artísticas de Secundino Diz

Militante de paleta e aprehendido ao territorio do Calvario vigués, cita de cada noite en busca das musas para retirarse, algunhas veces ao alba e recollerse no seu cuartel do Areal, creador incansable durante a longa traxectoria en diferentes residencias e estudos, infelizmente o último antes do cambio, abrasado polas chamas transformando as obras en cinza, mais él continúa pintando e escribindo, na actualidade nun lugar privilegiado da cidade.

Secundino Diz, di ser fabricado en Vigo, naceu no País Vasco e rexistronno na Cañiza. Sexa como for, a súa carreira longa e frutífera. Dende que traballara a carón de Alvaro Cunqueiro, nos talleres de Faro de Vigo ata hoxe o polifacético non deixou de pintar ao mesmo tempo de trotar camiños, aquí e alén do Paradanta e trinta e oito Compostelas na mochila.

A última vez que conversei con el, foi no Bar Roucos, R/Santa Marta, lugar de encontro de intelectuais e franciscanos; neste recuncho dos fugóns farturentos, rexentado polos irmaos do Ribeiro de Avia, Sira e Xosé Antonio, non existe á vista dos clientes ningunha obra da súa autoría, pintura ou acuarela.

O cronista métese camiño nunha andaina polos rúas da cidade, noutros días camiñou a carón do pintor, para abrir a porta daqueles bares onde está patente a súa obra. Diz non fai exposicións nos Cafés. !Non señor!, trátase de cadros e dibuxos adquiridos polos restauradores, tal vez algúns en troco de consumicións e xantares.

Desde a Praza de Compostela ata San Roque, pasando polo Calvario, entre outras capelas culinarias do ex-

trarradio. !Si señor!, comezamos pola Cafetería Maracaibo, coas paredes polbladas de acuarelas, fundamentalmente mariñas, espazo culinario no que durante moitas noites compartillara xuntanzas con outros colegas vigueses ou residentes nas faldras do Monte Castro ou A Guía, entre eles o inescuecible madrileño, Xosé María Flores.

Catro acuarelas ou embarcacións varadas en San Adrián de Cobres, Cangas e Baiona, alén doutras, desde o día da inauguración do local, olladas por milleiros de clientes aquí e dacolá, como diría o inescuecible escritor mindoniense e incluso noutro, un inglés que recalaba tódolos anos en Vigo, quixo mercar unha aguada, mais o dono non accedeu á venda.

Subindo por Velázquez Moreno, atopamos O Sireno de Leiro, na Porta do Sol, onde o camiñante poderá ler e pisar no chan pétreo, poemas de Oroza. Si, señor- "Oh eva/ évame malú/ évame malu", alén doutros de M^a Xosé Queizán, Silvia Penas ou María Reimóndez, antes de entrar na recóndita Travesía Aurora, detrás da R. do Príncipe. Nos muros de O Elixio a carón doutros expoñentes da paleta, pendura un debuxo de Diz; ou mesmo dicir "O Cristo da Victoria", un agasallo que lle fixera ao inolvidable taberneiro de Leiro, durante unha homenaxe.

A poucos metros o Mesón El Aguila, onde ademais de excelentes caldos e xantares, os ollos dos comensais poden alimentarse das pinturas de Diz; unha das maiores representacións do poli-

facético, está na Cafetería Nuevo Derby, onde nos recibe Eusebio Prado, restaurador, chegado a Vigo no 1975, da aldea chantadina de Mariz, amigo de Secundino, un e outro conversan do divino e do humán, cada noite na R. Urzaiz, 21, non moi lonxe de onde nos atopamos, despois de pasar por diante do MARCO.

E non podía ser doutra maneira; cun cubata Ron Bacardi e rodeados de

de As Neves da paleta de Secundino Regia taberna de barrio/
Anclada en el latido del mismo/
Cantareira caída del vino/
Inquieta solera y lirismo/
Mimo solemne divino/
Obrera tasca taberna obrera

Asina o dedo cliptoriano de Diz, pendurado a carón dun debuxo a lapiz ou mesmo dicir, unha vendedora de productos e dun cadro "Enracimados de San Roque" no Bar Racimo, no número 25 da R/ Couto Piñeiro e mesmo título que outro que se pode ollar no Bodegón Agarimo, na rúa A Rola, onde tamen destaca "A Vendima", inspirada no Deus Baco, entre cuías cepas sobresa a cabeza de creador e o seu inconfundible sombreiro, mais non é o único cadro onde vemos retratado o pintor. !!Non señor!!.

Descendendo o camiño sentido contrario o amante das artes placentiras e pictóricas vai bater coa porta da Taberna 61, situada de núm 143 de Couto San Honorato, rexentada por Xavier Pérez de Juan, amigo tamén do pintor, amante da súa arte; tódalas noites lle prepara un par de cubatas ou manxares saídos dos seus fogóns. Na parede da Taberna, unha acuarela de gran formato, autorretrato do mestre, presidindo outros óleos asinados polo mesmo autor, un bodegón, Mulleres, Paisaxe con meda, dúas barcas e un debuxo. Espazo con nome de autor, pintor Diz.

Mais a ruta plástica aínda non remata. Hai que estirar as pernas ata chegar casi ao final do Barrio do Calvario, nº7 da Rúa Xesús Fernández, para entrar noutra sala de xantar, "El Manjar" onde penduran "Praia das Barcas de Canido" e a "Igrexa de Bouzas, finalizando o percorrido pictórico "dizano" en O Rincón dos Artistas na Rúa Bolivia 41 para ollar outras obras do maestro.



Manuel Estevez, a esquerda, e Secundino Diz.

cadros, "Menina peregrina" na entrada do local, así como outro titulado "Do mar a mesa" que fora contraportada do libro de gastronomía "Recetas de nuestros Restaurantes", escrito polo asturiano, Pepe Cadavedo; "Os caprichos de Neptuno". Os demais amosan o enclave natural do restaurador, na Ribera Sacra, a carón do Miño, antes de entrar en Ourense, "Casa con viñedos", "Adega", ou o embarcador onde parten os catamaráns para navegar polo río ata Os Peares.

E subindo a costa de Urzaiz como fai tódolos días entre lusco e fusco o pintor, chegaremos ata Couto Piñeiro con parada obrigatoria no nº 1, onde o amante das artes e das letras poderá ler un slogan de Diz "A-MA-DEUS. Ama el vino /De buena cepa"; indudablemente na Tapería do mesmo nome; uns metros mais adiante, xa na rua Colombia, o Imperial, da mesma familia e unha paisaxe de Cerdeira, un lugar

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez - Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - M. Rguez. Alonso - X. Maure - Uxío Breogán - Pérez Lema - X. Glez. Mtnz. - M. Bragado - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Jesús Témez Fernández - Isidoro Gracia - Roberto Carlos Mirás - Rafael José Adalid - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Manuel Estévez - **PORTUGAL:** Hilaria Albertina Dantas Antelo - Viale Moutinho - Manso Preto - Isabel Varela - João Martinho - **MADRID:** Juan Louzán - **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra - **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo - **CANARIAS:** Fco. Puñal - **NOVA IORQUE:** Fco. Álvarez (Koki).

Fotografía: Hernández - A. Gutiérrez - M. Preto - Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - X. Marín - Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) - Ignacio Hortas - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex - Ortifus (España) - Omar Pérez (Galicia) - Mauricio Parra (Colombia) - Cébula (Polonia) - J.Bosco e Fernández (Brasil) - Marlene - Pohle (Arxentina) - Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017



Xornal Cultural
para o Lecer

Por Avelino Jácome

Mortos de risa

Amplo aparcadoiro, para que sentan cómodos, moi cómodos, luces na entrada parpadeando, mostrando a sala, onde atoparán, señores, o seu morto ben morto, na dezaseis da planta baixa está instalado, pasen e vexan o gran espectáculo: a morte disimulada para que non se asusten as guapas visitas.

Hixiénico todo, o chan moi limpo, –que o friame impoluto permaneza fresquiño–, aromas de flores, ramos de todas as cores e coroas caras de arco iris brillante, ofrendas traídas para cumprir co ritual, mostrando no xesto unha dor profunda e un grande amor, pagando as flores que antes recibimos no morto propio.

En filas aliñadas as persoas ordenadas segundo a escala xenealóxica da árbore de deudos: os fillos, a nai, irmáns e outros; abrazos e bicos, choramos un pouco, as máis achegadas quedan un bo intre, as menos, afástanse cun suspiro, amodo, sen ruído, buscando a porta, deixando libre a platea para outros actores secundarios...

Convén atender ao grupo do fondo, sentan moi preto do cristal grande, que separa o arca do público da primeira fila, os mellores asentados; detrás, todo ben disposto, o morto, convidado de pedra non se queixa nada, almidonado no seu niño de niveas formas.

Nesta a súa última escena perma-

necerá calado, calado e atento decátase mellor de cousas que nunca chegou a supoñer, algúns que cría que o odiaron moito son agora os que máis senten a marcha fatal. Morrerse ten a súa graza se non fóra pola seriedade que se albisca nas facianas, ben que quedaría unha risa tola ou unha gargallada, por non facer escándalo rise á calada, no anonimato da caixa tapada.

Os velorios de antes eses si que tiñan graza, ademais de teatro, charlas literarias, loas ao finado e elegías varias, servíanse os doces con viño tostado, licor café con galletas... para animar o cotarro.

O morto no centro, no medio do salón, –de toda a casa sempre o mellor–, con velones amarelos e candelabros de prata ao redor da tarima de cerdeira, de castiñeiro ou de nogueira para aqueles de nivel maior, a rostro descuberto, sen tapar a cara, –o único que non leva máscara nesta función–, os outros actores, esíxeo o guión, deben enfundarse a cada cal mellor.

O falecido próximo pegado ás cadeiras, mentres con graza murmuran os vellas rosarios e ladaíñas, escoita con ansia as charlas de mortos que

contan os homes en tal ocasión. Adiviñas ao velo a súa nobre intención de degustar unha copita daquel garrafón, que esconde nas súas tripas un viño dulzón, que gardara para esta celebración.

O pano, aguantando todo o maxilar, evita que mostre a súa voracidade abrindo a boca en xesto procaz, sería de mal gusto tal proceder pois alguén podería mal interpretar que o pobre

enterrábase ao señor, porque a fame soportada evitaba o grosor e cabía no negro traxe que a súa muller gardou no armario de cerdeira vermella que a sogra lle regalou, milagre de conservarse coas bólas de alcanfor.

Os zapatos ben limpos e cepillados mellor, aínda que furados nas solas, –non se nota non–, escóndeo a seda do abrandado caixón. Levaban mil domingos, mil días de procesión, pero ben limpos aguantan e parecen estreados para esta función.

Nestas obras de antes, ou máis modernas de hoxe, ser o protagonista non é o lugar mellor; é mellor pasar desapercibido, secundario naquel momento, colocarse onde non faga frío ou poñan calefacción, que o de alimentar a pena

con viño, doces, licor de herbas ou Chinchón xa non leva agora, perdeuse a tradición.

Pero se vos toca de actuar comigo na miña definitiva representación tratádeme aos invitados con moita consideración, pensade que algún día eles tamén se gañaron un lugar no seu caixón e morredos da risa. Pensade que, aínda que non me oiades, morto de risa tamen andarei eu.



se aburre no seu funeral.

Cando a noite alóngase e o frío éntrase sigiloso polo balcón, a viúva prepara de leña e carbón un braseiro, inmenso diría eu, que cobre de fume toda a habitación, néboa de atrezo para dar impresión. Que non decaia a festa, poñamos emoción, que vexan os veciños cal finado é o mellor!

Que limpos, que arregladitos os defuntos de antes, co traxe da voda

Por Ramón Coira Luaces

Coñecermos a cultura de noso

É lóxico que un pobo queira preservar o idioma e cultura de seu, que queira que se estude e se poña en valor. É a única maneira de termos a autoestima alta como galeg@s e de mantermos o noso feito diferencial. Dicia o gran pintor e escritor Luís Seoane (ao que o pasado 1 de Abril deste ano lle adicaron o Día das Artes Galegas): “Cremos que o que uniformiza diminúe ao ser humano, que as diferenzas culturais enriquecen a humanidade. Nós queremos axudar a enriquecer ao mundo coa nosa diferenza”. A coexistencia pacífica cos nosos veci-

ños non debe implicar a renuncia ao noso ser diferencial, nin á renuncia a defender os nosos dereitos e intereses. Resistirse á asimilación é un dereito e un deber. Eu nunca estudei a Maside, Seoane, Colmeiro,... en Historia da Arte, a pesares de teren unha calidade indiscutíbel e contrastada. Por que se marxina a Arte galega? Por que é galega? Quen é unha persoa fanática: quen se resiste á extinción do seu idioma e da

súa cultura ou quen busca esa extinción con todo tipo de presións, mañas e mentiras? Eu, como tanta xente, fun educado en español e, empregando o galego (e aínda máis por bulir tanto) cometo erros que logo me pesan e dos que ás veces só me decado a posteriori.

A presión do español e os efectos da represión lingüística son tremendos. E é moi incómodo quedar como “fanático” en certas situacións, cando realmente só exerzo o meu dereito. Menos mal que ás veces tamén gosto de levar a contraria e de encontrar tesouros onde algunha

xente só vé lixo ou refugallo. Quen mellor defende o idioma e a cultura de noso? Quen mellor defende os nosos dereitos e intereses como galeg@s? Quen o fai sen levarnos por derroteiros non desexados? Para min, desde logo, o BNG. E non quero dicir con isto que sempre concordase no pasado con todo... Nunca se trata de concordar con todo. Eu coido que do que se trata é de escoller o mellor para Galiza e para o pobo galego e que isto, a ser posíbel, non supoña grandes sacrificios para ninguén. Por certo, o cadro é de Luís Seoane.



Opinión

Por Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero

Na morte dun gaiteiro

Hoxe que debera estar eu a falar, como todo o mundo, dos aconteceres destas próximas eleccións e dos escándalos que dá ver como se pode chegar a comportar o ser humano por un puñado de votos, por un prato de lentellas que ademais en moitos casos supoñen o abandono de ideais colectivos e de dereitos humanos básicos e fundamentais, para poder falar de irmandade, de igualdade, de xustiza. Desta volta, que debera estar pulsando aquelas teatralidades sempre excitadas e, polo visto, tan humanas, cando se van de madre as persoas, cando se rompe en mil anacos todo aquilo da cordura, do sentido, da honestidade, de ser iso: persoas. E xa non digamos da humildade, aquela condición sublime que a min –particularmente– me conmociona e anima a seguir na loita de todos os

días crendo que si, que é verdade un porvir esperanzado. Xusto aquela condición que hoxe non vexo en ningún, porque todos seguen a subirse ao podium que enarbora siglas e non pobos, nin dereitos, nin tenruras e soños. Eu, hoxe, desde esa condición de ir contra a corrente, quérovos falar da perda dun ser querido, dun gaiteiro. Un amigo que levaba a Matria no corazón, e espallaba notas no medio das brisas ventureiras, sementando ledicia e esperanza. Era gaiteiro, gaiteiro honrado e cabal, competente e namorado de nós e do noso, da música que flúe polas cordas obstinadas das entrañas e que dá en soñar futuros cheos de propiedade, de paz, de conciliación. Nos últimos tempos, por mor da enfermidade, tocaba unha desas gaitas que se enchufan e non hai que soprar. Mesmo así, pe-

chaba os ollos compracido naquelas notas que el mesmo producía con tanto amor. Si, meus, hoxe quero deixar constancia de Xaquín, o gaiteiro que facía sons namorados da nosa his-



toria, gustaba –acompañando ao tamén especial amigo e compañeiro Pepe Quintas Canella, cantor de auga fresca desde a noite dos tempos– regresar ao medievo, ir ao noso pasado para reconfortarnos naquel tempo de esplendor e recrearse nas cantigas de

amor, amigo e de escarnio. Xaquín Blanco López, Quino entre nós, vai no eido das nostalxias navegando ceos e, aínda alá nesa señardade que evoca sosegos, deixou un oco moi grande, unha tristura, un silencio que nos fai mirarnos no espello e preguntarnos, xa que logo, se estes partidos políticos que arman tanto lío, merecerán sequera a nosa atención mentres unha gaita deixa de soar e mentres mil soños deixan de ter a súa propia banda sonora. Si, sei que Xaquín seguirá na lembranza, home tranquilo e loitador, confabulado cos que sofren porque aman a Galiza. A súa gaita aínda ecoará grilleira anunciando primaveras entre os recantos da música e na memoria. E virá tamén o amigo desde a nostalxia. Gloria á gaita e a quen a toca con tanto amor.



Por Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

Reconstruíndo o relato galeguista

Recibimos das mans do señor Alcalde de Mondariz-Balneario a Medalla de Ouro do Concello concedida ao Foro E. Peinador polos méritos que recolle a acta do acordo aprobado por unanimidade dos grupos municipais da corporación municipal.

Nela explícitase que o Concello foi o berce no que se arrolou unha parte importante da historia do pensamento económico galego, seguindo as liñas tracexadas por Alfredo Brañas, unha figura senlleira do rexurdimento galego de fins do século XIX, que Enrique Peinador Lines soubo recoller e actualizar nos tempos que lle tocaron dirixir o Balneario e a marca que comercializaba as augas de Mondariz.

Conquerir o éxito empresarial e a proxección internacional utilizando como medio incentivador a diferenza no contexto da globalización dos mercados que daquela experimentaron a súa aparición, e buscarlle á nosa lingua e cultura novos aliados e espazos para a súa expansión e prestixio social, foi a contribución máis salientable da estratexia que o empresario galeguista Enrique Peinador Lines soubo tecer en

tempos nos que a nosa cultura e idioma tiñan na tradición popular o seu acubillo natural. Incorporar criterios de modernidade no discurso regaleguizador foi un dos obxectivos que acadou sobranceiros éxitos.

Na miña quenda de intervencións tocouse responder ás acertadas consideracións que a moción aprobada recollía sobre a obra e biografía de Peinador Lines, agochada durante década por mor do desleixo dos que escribiron o relato do nacionalismo galego. Empeñados como estiveron na excluínte exaltación dos creadores literarios dese dilatado período de tempo, menosprezaron figuras claves do galeguismo do século XX.

Enrique Peinador Lines, Ramón Obella Vidal, Antonio Fernández López, Álvaro Xil Varela, e outros empresarios que tiveron como denominador común a militancia galeguista, son descoñecidos por xeracións que militan no nacionalismo galego desde as últimas décadas. A súa formación política é sesgada e

coutada unicamente ao ámbito literario de autores mesmo irrelevantes na construción da identidade.

Apenas saben que Enrique Peinador Lines, militante do Partido Galeguista que apoiou a Frente Popular en 1936, foi un adiantado no seu tempo na aplicación da fórmula aritmética tan recorrente no discurso da teoría económica expresada na suma do I + D+ i, á que el lle engadiu o G de galeguismo, que é o que pregoa a moderna doutrina da Responsabilidade Social Empresarial ou Corporativa, obrigando



ás empresas ao respecto pola contorna xeográfica e cultural onde exercen a actividade empresarial.

Tampouco sabe a meirande parte dos nacionalistas de arestora que foi Peinador Lines o que negociou en Ma-

drid, no Congreso e no domicilio do presidente Azaña, a aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Unha prestixiosa publicación, a Revista de Economía de Galicia, non lle dedicou en ningún dos seus números unha soa liña dedicada a Peinador Lines, un dos precursores da chamada planificación económica autocentrada, que por volta dos anos corenta e cincuenta tivo tanto predicamento en Europa. Foi teórico práctico da área metropolitana de Vigo que procuraba a vertebración dese inmenso territorio coa construción inacabada por da guerra civil do tranvía Vigo-Mondariz.

Sería difícil sintetizar nesta colaboración o inmenso legado de Peinador Lines recollido na obra do historiador Ricardo Gurriarán Rodríguez, “Enrique Peinador Lines, empresa, turismo e país”, por encargo do Foro E. Peinador; unha obra que reconstrúe o relato real do galeguismo transversal non superado aínda polo actual.



Por Francisco Alvarez Koki

Este é o cantar que cantamos

Dende fai algún tempo, ando con unha rabia que non me cabe no peito, por que dende lonxe ollo na Galiza, como ocorren feitos medievais, e a xente dorme en silencio. Nunha sociedade progresista e común, nun tiñan que pasar estas cousas. Os lampantíns o servicio do poder, pensan como sempre co bándullo. Esta visto que aí moito intelectual que se sirve de Galiza, non que sirva a Galiza. Coando chego a Nova York, no ano 84, o profesor Dino Pacio e mais eu falabamos da lingua e el comentábame que nunha conferencia do profesor Antón Santamarina, este comentaba que a lingua galega atravesaría un camiño difícil en cuanto a falantes.

Digo isto en relación a unha mestra

galega que por ensinar matemáticas, en galego, e reprendida pola Conselleira de Educación. Sabendo que o 99 por cento da educación en Galiza e en castelán, inda non miramos que ninguén da Conselleira de Educación, reprendese a ningún mestre por facelo. Galiza sofre a involución meirande da súa historia. Volvemos os tempos de .- Hableme en cristiano por favor. O goberno central na figura de Rajoy tivo un gran aliado no goberno galego. Cortaron a esperanza de raíz. Por que a esperanza esta na escola. Eu son católico, por que sen saber, meus pais bautizáronme nesa relixión. A lingua e o mesmo. O neno termina falando a lingua da escola. Fai pouco tempo Ana Pantón fixo un proxecto cara a lingua, proxecto de escola,

que seria o único que pode salvarnos. Agora que se achegan as eleccións e despois delas, os gobernos cataláns e vascos, son os que teñen forza e presionan, coando queren conseguir algo para as súas comunidades. Coando se fala de Galiza e como falar de Madri. ¿Que nos pasa? ¿Por que depreciamos tanto o noso? O acontecido coa mestra de Pontenova e grave. Seria importante que o goberno galego, sacase a máscara e prohibira o galego, que e o que tratan. Pero e que pasa coas institucións que deberían de defendernos destes atrancos. Para que serven A Real Academia Galega. O consello de Cultura Galega. A Asociación de Escritores. E un longo rexistro de asociacións que dormen no limbo. Aquí non pasa nada, cada un na súa leira e na súa leira. Apenas fai uns días A profesora e escritora Mixteca. Yasuaya Aguilar, falou en

México onde existen mais de 68 linguas. Ela dixo textualmente. “Nuestras lenguas no mueren, las mata el esta-

do, las mata con el pensamiento único, la cultura única” Resulta que o profesor Dino Pacio, conseguiu que na universidade do estado de Nova York, lle dean créditos os seus alumnos por saber a lingua de Rosalía, e en Galiza nos repriman. Resulta que nos concellos pasa o mesmo, eu coando vou o meu concello na Guarda, non sei si estou na Guarda ou en Madri. Sigamos esperando a que ocorra o milagre. Unha vez mais, relembro estes versos de Rosalía. “ ESTE E O CANTAR QUE CANTAMOS, MAIS QUE FACER SE OUTRO MILLOR NUN HAI.



Na frente unha estrela, no bico un cantar

Saímos dun soto e metémonos noutro. Podíamos empezar a falar das eleccións que veñen, utilizando o vello refraneiro popular, tan literario e ás veces tan certo. Nestes días, xa pasados, parece por fin que as cousas van pousando no seu sitio. Ninguén esperaba tal debacle da dereita, nin tanto ascenso do PSOE. Parece que esta vez ante o perigo inminente da chegada dunha longa noite de pedra. Todo mundo saíu a votar. Inda que dicir que o PSOE é unha forza de esquerdas é un certo atrevemento. Ate agora os seus líderes no seu conxunto, defraudáronnos en moitas resolucións sociais. Non esquezamos que moitísimos ministros deste partido, terminaron na empresa privada co seu arranque político. Na vitoria socialista destes días, os votantes foron claros e firmes na súa mensaxe, por iso lle gritaron a coro.- CON RIVERA NO! Estes días pola miña vila, vexo grupiños da dereita falando de política e arranxando a vida dos outros. Todos con cara de incredulidade. Era visto. O acontecido nos últimos tempos na dereita nesa loita de sucesión política, daba clara-

mente mostra do que pasou.

Como hoxe en día na política vale todo, pois usaron todos os recursos que pensaron lles podían favorecer. Nun país de pandeireta como é España, onde nos levantamos e nos deitamos ollando o pulso sobre dereitos, do goberno central coa familia do ditador apoiada pola igrexa, dános a verdadeira dimensión de onde estamos. Moita transición pero os fascistas mantiveron todos os privilexios que tiñan.

Pero agora veñen as eleccións municipais, onde existe aínda o voto do favor político. Hai concellos nos que era mellor que non tivesen gobernado certos partidos ou individuos. Hai concellos que ademais de facer as cousas mal, fixeron do concello a súa casa privada. Concellos onde só reciben os seus amigos. Concellos que se rodean de sicarios políticos, máis que de compañeiros de ideoloxía. Nestes trinta anos que levo fóra da terra, teño asistido ao cambio de moita xente. Algúns eran ateos cando marchei e hoxe mexan auga bendita (alabado sexa Deus).

A política debía ser algo serio, pois é o instrumento de futuro para

os nosos concellos. Nestas eleccións, e no Baixo Miño, penso que vai haber poucos cambios. Para moitos partidos é máis fácil de controlar a política municipal. Na política hai dúas especies. Os depredadores, que son os máis. E os lideiras que son os menos e que nunca ou poucas veces chegan ao poder, por ser honestos. Os depredadores, nunca militaron en partidos nunca falaban de política, nunca lles interesou a súa vila, nin a súa parroquia, até que chegou o día que se lle deu a oportunidade de vivir a conta da política. Estes entran a todo trapo, pois son xentes sen ética ou escrúpulos. Os lideiras son xentes que loitan polos demais, xentes con amor á terra, pero poucas veces chegan ao poder, porque non serven para facer amaños. Na xeografía dos concellos de Galiza procuramos buscar exemplos, sobre todo para demostrar na nosa vida tertuliana, quen fixo as cousas ben ou mal. Durante algúns anos, todos falabamos de Allariz e da súa transformación, e todos queríamos e desexabamos ter un concello como Allariz, e visitábamolo, para desfrutar del inda hoxe. Hoxe podo dicir tranquilamente que hai outro concello que dá exemplo do ben facer. Este é o concello de Tomiño. Concello que despois de corenta anos de soño sulagado, espertou á vida da man da

súa alcaldesa. Concello cunha transformación municipal irrecoñecible. A súa relación transfronteiriza cos veciños de Portugal que sempre tivemos ignorados, o seu achegamento á cidade olívica por Tebra, o seu movemento de flores e plantas, fixo deste concello un exemplo a seguir. Parecen estas liñas, un texto de peloteo, pero non é o meu estilo. É a miña opinión. Non estou inventando nada, todo esta aí.

Quero resaltar que moita xente da cultura e do deporte doutros concellos, buscaron refuxio aí, por ser atendidos e entendidos. A súa alcaldesa Sandra Gonzalez, repudiada por algúns por ser muller, tamén soubo dende moi nova, na súa andaina política o que era sufrir expulsións nos plenos, por incordiar, tamén soubo de insultos e calumnias. Pero coando chegou ao poder e co bastón de mando, no balcón do concello, prometeu que gobernaría para todos os veciños. E así o fixo. Por iso o concello de Tomiño, tardará moitos anos en ter un alcalde ou alcaldesa como a que ten. Para min, que a cultura e a lingua son moi importantes, teño que resaltar a súa defensa social por ela. Por iso coando escribo este texto das eleccións municipais, lémbrome dos versos de Rosalía de Castro. “ NA FRENTE UNHA ESTRELA, NO BICO UN CANTAR ”

Opinión

Por Rayma Elena Hernández

Galego a dobrar, ñañaco e almendarista

Cando Ramiro Serafin Cal Sueiro chegou á Habana en 1892 — tres anos antes do estalar a guerra de Cuba contra España—, encontrou unha moeda. Pero non a colleu, porque, «o diñeiro está arrollado aquí», dicía Plácido, o primoxénito do matrimonio de Plácido Cal e María Sueiro, quen acompañaba ao mozo de 14 anos.

Outros dous irmáns zarparon do porto habaneiro cara Bos Aires. Mentres que, para labrar a súa propia fortuna, Ramiro colleu rumbo terras de Vueltas, cercanas a Camajuaní—hoxe cabeceira do municipio de igual nome, na provincia central de Villa Clara—.

En San Sadurniño (A Coruña), onde tiña nacido o 3 de setembro de 1878, excepto os seus pais, pouco máis lle quedaba. Aquí, para gañar unas moedas, debeu facer millóns de cousas, como calquera inmigrante: comerciante de café, xornaleiro, logo tivo unha adega...

«O que máis admiro del é que nunca deixou de ser español», afirma o seu neto José Gabriel Ramírez Calao evocar

repetía: “Eu son galego a dobrar, porque sou da Coruña, de Galicia, e porque vostedes os cubanos son capaces de charmar galegos ata aos das Illas Ca-



narias e os cataláns separatistas (así os denominaba daquela).

Nunca deixou de ser español nin en 1925, cando o sernomeado xuíz de Camajuaní, debeu adoptar, ademais, a cidadanía cubana.

— E como chegou a notario e xuíz...?

—É o que eu digo. El non tivo estudos universitarios — asegura o seu neto—, e de súpeto xa é o notario de aquí (de Camajuaní), de Vueltas, de Zulueta..., e logo, xuíz.

«Aínda que era moi culto...o mesmo podía contar a historia da torre Eiffel que a de Pancho Villa ou a da chegada do tren a Cuba, primeiro que

a España —recalcaba en ton de burla sonsacadora—, e respondía: “Iso é verdade”».

E así aparece rexistrado como xuíz a partir de 1925, ano no que —contaba—, tabaqueros camajuanenses levaron as parrandas (festas populares do norte

e do centro de Cuba) ata Guayos, hoxe na provincia de Sancti Spiritus). Máis tarde, na súa condición de locutor e estudoso destas celebracións —incluídas desde 2018 na Lista representativa do Patrimonio Inmaterial da Humanidade— José Gabriel soubo que non era só coincidencia de datas, senón que entre aqueles promotores estivo o seu avó. Porque antes Ramiro Serafin encabezara os Ñañacos, barrio Oriente das parrandas en Vueltas, en singular porfía cos Jutíos, que presidía Indalecio Manso, o seu sogro, pai da súa esposa, Magdalena Manso Contreras, con quen tivo catro fillos e tres fillas, unha delas María Cal Manso ou Maricusa a Galega, nai do meu entrevistado.

Os vellos tablóns da casa 107 (antes 23) da rúa Leoncio Vidal de Camajuaní —que segue habitada por membros da familia— foron testemuñas silenciosas das historias que José Gabriel reproduce con histrionismo de home de radio e algún que outro «arranque galego».

«Que nós non falabamos inglés», aclaraban colorados de ira cando llo insinuaban ao non entender as conversacións cotío Plácido, o irmán máis vello; señor alto, calvo e con gorra negra que viña de visita da Habana, onde se mudou e onde morreu.

Non poucos mediodías, de pequeno chocaba «accidentalmente» cos pés do avó quen, dormía a súa sesta sentado nun butacón, «coas mans sobre a barriguiña».

Non por molestalo, senón para despertara súa lingua galega. «Non entendía o que me dicía, parece que me ofendía, pero extasiaba escoltalo».

Sen embargo, aos berros da nai intercedía, cunha condición: «Se vostede me promete que vai ser almendarista». Algo que nunca lle gustou.

O seu favoritismo polo equipo de pelota Almendares obedecía a que, como os Ñañacos, tiñan abandeira azul.

Por iso cando o provocaba cunha vitoria habanista espetaba: «Sí, pero vostedes son uns jutíos», que era a súa maneira de referirse, non sóa o coincidente



vermello da bandeira, senón a todo o que consideraba de poucos valores.

Orgulloso de ser miembro do maxestuoso Centro Galego da Habana, seguidor do béisbol cubano, acérrimo detractor do Barcelona de fútbol e tan partidario do Real Madrid, que detestaba o calificativo de «merengue», porque aínda aludía á cor branca do traxe; o merengue era moi suave e eles eran duros, os mellores.

Ideas do dobre galego cubano. «Non fumaba nin tomaba café, e nunca o via beber ron nin cervexa nin era comilón. Só se queixaba: “Ah, que calor vai aquí en Cuba”, e botábase agua».

Nada de don Ramiro. «Iso é alá no meu país, aquí non —explicaba—, e ademais, moitos díncho con sorna. Para vostede, Ramiro —corrixía».

Na Coruña non tivo tempo a ser don, porque saíu con só 14 anos. Cos seus país cartouse algunhas veces, pero nunca máis os viu; nin aos seus irmáns que viaxaron a Arxentina. Na Habana deixou unha moeda no chan, e malianon ter vivido mal, non encontrou as tantas coas que soñaban ao desembarcar. Pero ao falecero 1.º de setembro de 1971, aos 93 anos, quedou en Cubao máisvalioso que tivo: a familia que fundou.

«Queríámolo tanto..., un vello lindo», lembra o seu neto, quen, con 75 anos de idade, aínda sen a oficialización da cidadanía española, é parte da fermosa heranza legada polo «dobre galego» que foi o seu avó.



a Papito, como chamaban ao mentor da familia.

Baixinho, de ollos azuis, cun pelo moi loiro e duro, que facía bromear ao barbeiro: «Amoláronse as tesoiras».

«Con ese acento formidable dos españois e unha prestancia tremenda,

Por Nemésio Barxa

Cinismo

Noite electoral, um certo respiro póla baixada, não derrota, das três direitas, esperança de que os partidos ganhadores da esquerda sejam mais respeitosos com nossa língua, nossa cultura, nossos recursos naturais, as necessidades de este país... ainda que tenhamos exemplos vários de que a dependência do Centralismo, seja da color que seja, não oferece precisamente confiança (vemos o exemplo de Psoe de Vigo com o idioma no Concelho). Noite nem sequer agridoce, noite triste ao observar como de novo Galiza fica sem voz no Congresso e no Senado. Não se me ocorre nada para evadirme ou distraerme. Como recurso rememorizo sensações da minha longa viagem, de mais de dez dias, com motivo das férias de Páscoa, com ponto final e início de regresso em Donostia. Rememoro o caminho da primeira etapa, Vigo-Benavente e já detecto que não vai ser nem pacífica nem entretida esta minha alternativa da escrita fronte á preocupação do futuro. Pois as imagens que me vinham som as de terras abandonadas, silveiras, terreos ermos, restos de incêndios, escassas parcelas

de pasteiras e aldeias de casas pobres ou derruídas ou ostentamente horteras; baixo o Padornelo anoitecendo.

No seu momento, e agora, não me podo evadirem do “Pais das Maravilhas” que vivi há poucos dias com motivo de um convite que me propuseram do jornal “La Región” para assistir a um almoço conferencia de Nuñez Feijoo, sim, o Presidente da Xunta, no Foro La Región. O contido da conferencia não pudo ser mais fantástico nem cínico. Alicia no seu Pais das Maravilhas estou certo que não pudo contemplar tanta beleza e felicidade como a que nos transmitiu no seu parlamento o presidente de governo de esta negada nação (submissa do Reino de Espanha com monarquia (re)instaurada no franquismo). Vem a conto porque uma das cousas de que falou em grandeza foi do nosso campo e agricultura; depois de desgranar portentos da nossa industria, da nossa pesca, da nossa economia, do ensino e da sanidade, em política social, com greves e protestas a cotio que desmentiam publica e noticiosamente todo o que ali falava e alardeava. Não sou home do campo mas minha relação

com ele foi constante desde meu nascimento (numa aldeia de Viana do Bolo) até hoje em que diariamente me desloco a uma finca perto de Ourense (a Quinta do Limoeiro, mais bem um quintal) por desfrutar ali de minha soidade, ver se caiu alguma pedra dos muros, confirmar que não há goteiras na casa, revisar uma parte da minha biblioteca ali depositada, dedicar algum tempo á leitura e ver como florescem os árvores, frutais todos, na primavera, alem de procurar cortas de rastros em todas as fincas que constituíram a importante empresa agrícola-gandeira de meu avo, hoje a ermo, para prever incêndios, polo que levo no fundo de meu sentimento a lembrança de aquele povo cheio de gente e de miúdos que ali escolavam, os trabalhos agrícolas nas suas épocas, as festas e diversões... todo hoje desaparecido, só ficam poucas casas abertas, alguns velhos tomando o sol, as terras a ermo ou, ainda pior, cheias de silveiras, fentos, tojos, gestas e restos florestais ou algum castanheiro antigo; senti nojo e carragem do cinismo, da mentira sobre um povo que esmorece e não só no seu rural, de que se houvera cortado o abrete para o rural que anunciavam as medidas tomadas no seu dia polo BNG (Suarez Canal) e daquela não podem por menos que manifestar a um

companheiro de mesa, militante e cargo do PP, porque não convidava a seu chefe a um passeio polo seu concelho

de Esgos e polo meu, limítrofe, de Pereiro de Aguiar, sumando-se ao comentário outro companheiro de mesa para dizer que também podia ir a seu concelho, igualmente limítrofe, de Junqueira de Espadanhedo; o interpelado tinha presa e teve que sair.

De manha, saindo de Benavente, vim campos cultivados em todo o transcurso por terra de Leão e Castela, dilatadas terras até o horizonte de um verde amante, como podem comprovar igualmente ao chegar a Euskadi com cultivos diversos e cuidada atenção á tradicional vivenda de cada lugar e de regresso por Cantabria e Asturias, ainda aqui com vestígios de anteriores incêndios no monte. Não podo esquecer que já na viagem como agora que escrevo estes recordes senti carrage ao vir-me á memória os últimos dados que havia consultado do anunciado “mandato da legislatura rural” que nos vendeu o Sr. Nuñez Feijoo e que em resumo consistiam em que deixou de executar desde o início mais de 305 milhões de partidas que correspondiam a programas para

Continúa na páxina seguinte...

Por Ramón Coira Luaces

Antón Faílde Gago

Foi un escultor galego, nado en Ourense en 1907 e finado tamén en Ourense en 1979. A súa familia era de orixe humilde. A súa nai emigrou a América e el ficou na aldea ao coidado dos avós. O seu tataravó foi canteiro e el tamén traballou como canteiro en Ourense desde os doce anos. Matriculouse na Escola de Artes e Oficios e iniciouse tamén na talla de madeira. E montou o seu propio taller. Estudou as esculturas da catedral de Ourense, en especial do Pórtico do Paraíso e acudía tamén con frecuencia ao Musero Arqueolóxico... Trabou amizade con intelectuais da Xeneración “Nós” como Vicente Risco, Florentino Cuevillas e Otero Pedrayo. Grazas a unha bolsa da Deputación de Ourense puido continuar a súa formación na Escola de San Fernando de Madrid. Estando alí comezou

a Guerra Civil e el regresou a Ourense, onde gañou unha praza como profesor da Escola de Artes e Oficios, cesando voluntariamente deste traballo en 1956. Expuxo con éxito en Ourense, Vigo, Madrid, Barcelona, Bos Aires, Ca-

racas,... Foi elexido membro correspondente da Real Academia de Belas Artes de San Fernando e realizou monumentos públicos como a estatua de Alfonso X “o Sabio” en Pontedeume ou o busto de Bolívar en Vigo.

Amosa interés por plasmar a vida cotidiana. Unhas das súas temáticas máis frecuentes, tanto en pedra como en barro son as maternidades, a infancia,

a muller, os grupos populares,... Tamén é típico del o primitivismo e o lirismo nas súas obras, que enlazan coa tradición popular galega dos canteiros. Hoxe mesmo, cando escribo estas letras, volvin ver unha exposición de obras súas en Ourense na sala Valente (exposición que recomendo visitar e na que hai esculturas en granito, barro, madeira, relevos, debuxos e ata ferramentas de traballo). Recentemente, a súa familia agasallou á cidade de Ourense coa escultura do autor “muller soñando”, que se vía na exposición e que vén sendo un fermoso poema en pedra que agora podemos contemplar nas Lagoas, á altura da rúa que leva o seu nome. Recentemente, deu a prensa a nova do pasamento do seu fillo, Miguel Angel Faílde, que colaborou co seu pai e conservou a súa. D.E.P.



Muller soñando e familia de Faílde

Galicia

...Ven da páxina anterior.

desenvolvemento rural e asento de poboación, em que se perderem perto de 20.000 persoas ocupadas desde 2.009 e 13.517 habitantes alem de 220.000 persoas menores de 40 anos que emigrarem. Assentamento po-voacional ou ajudas á vivenda totalmente esquecidos pola Xunta que, em concreto, o orçamento para apoio ao aluguer da vivenda só foi executado no 1'5%.

Há muitos anos, no início de esta escassa autonomia, por um importante persoeiro do PP se me comentava que teríamos que mudar totalmente a nossa economia em função das novas circunstancias e nossa integração em Europa, passando a ser uma economia do sector primário ou agrícola e gandeira a um sector econômico terciário ou de serviços. Pensei que era uma boutade, mas agora comprovo como paseninhamente vão fundido nossa riqueza agrícola e florestal (a não ser a submetida a interesses de empresas de fora, como com o eucalipto) como fundiram o peixe ou os estaleiros ou a nossa própria relação viária com o resto de Europa.

Em Donostia chamou-me a atenção como se escuta falar em euskera. Gentes do comum; posso lembrar particularmente

uma parelha nova com quatro filhos, de aparente crase media alta, que falavam entre eles todos euskera, exceto o mais pequeno que ainda ia em cadeirinha e não falava. Também um grupo de 30 ou 40 nenos de primaria, possivelmente excursão de um Colégio infantil, que atendiam as instruções do monitor e falavam entre eles em euskera; alem de outras conversas na própria rua e nos estabelecimentos de pintxos tanto típicos em todo Euskadi, e todo sem que o castelhano perde-se protagonismo no falar social. Na radio saem também com frequência emisoras na língua e música de Euskadi, que contrastava com a oficial de aquí, "Radio Galega Música", que retransmite no seu 75 ou 80% música espanhola. Escutei falar mais euskera em Donosti que galego em Ribadeo, onde cheguei dias mais tarde. E incluso eu, que não sou de bandeiras, teve que escachar a rir quando num parque de Donostia, (penso que se chama "de Guipuzkoa"), cantado no médio do parque um mastro com a ikurrinha; nem tanto alto o mastro nem tanto grande a bandeira como a roja y gualda da Praza de Colon, mas proclamando a todo visitante

que ali mandava Euskadi, como nos veículos da policia, que temhem matrícula própria, ou como na Cámara Municipal de Donostia que no balcão principal ondeia só a bandeira de Donostia e rente ao chão as bandeiras oficiais de obrigado cumprimento.

Euskadi e Cantabria temhem representação no Congresso depois das últimas eleições e vão capitalizar seu votos. Já o advertiram. Euskadi arrombou com o PP e temhem representantes de próprio. Cantabria aprendeu que ninguém deve agardar dos demais, que há de ter força própria para conseguir. Que imos dizer de Catalunya! Incluso Canárias fará escutar sua voz e suas necessidades no Congresso. Só Galiza, nacionalidade histórica ou mas bem nação não tem quem fale por ela. Pode que o voto ao Psoe ou Podemos seja voto útil, mas para Galiza e igual de inútil que o voto ao PP. Resulta ridículo que o BNG não atingira um escano e que obtenha dous o Cs. Não temos dignidade nem para aportar uma voz própria á política estatal. Seguimos sendo irrelevantes e chamados a morrer por suicídio apazado.

Quinta do Limoeiro, maio do 2019

Castro de Carballedo agotou os produtos na Festa da Carne



Algúns comensais levaron a carne para xantar na casa polo frío.

A localidade de Castro de Carballedo celebrou a edición número 19 da festa de exaltación do prato típico do municipio, a carne ao caldeiro. A asociación de veciños O Bubaíño, que ornaniza anualmente a celebración, preparou preto de 1.400 quilos de carne, tanto cocida con pemento e aceite, que é a receita máis típica da zona; como de carne richada, (consiste en cortar a tenreira en pequenos anacos e fritila con cebola).

Os cociñeiros acenderon o lume temperán e durante toda a mañá prepararon as viandas para servilas a partir de una da tarde. A pesar da xélida temperatura, o recinto feiral encheuse de xente, aínda que, segundo indicou a presidenta do colectivo organizador, Asunción Gómez Neira, ao redor dun 30 por cento dos que se achegaron preferiron levar as racións ás súas casas. Hita Gómez Neira indicou que o encontro foi un éxito ao esgotarse todas as existencias.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

Por Moncho Mariño

Rafael Cuíña, alcalde de Lalín

“A campaña centrarase en PP ou en Cuíña”

Rafael Cuíña (Lalín) afronta con optimismo as vindeiras eleccións municipais. Non obstante, parece consciente de que a campaña será reñida. Por outra banda, ve a necesidade de reformar ou darlle

outro pulo a institucións como a FEGAMP e considera que o despoboamento do rural é un tema que precisa de maiores e mellores iniciativas, porque non é un problema de fácil solución.

-Prevé unha campaña moi dura en Lalín de cara as municipais?

Eu creo que si. Son oito candidaturas, o PP tenta recuperar o poder por todos os medios e nós estamos máis fortes que hai catro anos. Por tanto, coñecendo as tácticas desta xente, preveo unha campaña especialmente dura, si.

-Como pode materializarse esa belixerancia?

Será unha campaña que se centrará en PP ou en Cuíña. Nese sentido vai estar moi polarizada.

-O resultado das eleccións xerais poderá influír nas locais?

Eu creo que marxinalmente. Pode influír naqueles partidos que teñan un mal resultado nas xerais. Mais logo está, como todo o mundo sabe, a compoñente persoal dos candidatos que se presentan en cada formación. Por tanto eu relativizo todo isto.

-Como veu o debate do luns 22 entre os candidatos ás xerais en TVE?

Xa o manifestei nas redes sociais, con certo éxito parece ser. Para min o máis solvente era Pablo Iglesias, o gañador foi Pedro Sánchez porque era o que máis tiña que perder, e nin perdeu nin gañou e iso é bo para el. Pablo Casado perdedor por ausencia, aínda que no segundo debate, o do día 23 pode saír con máis forza. Albert Rivera para min caeu no ridículo político.

-Volvendo ao ámbito local, cales serían os proxectos que quedaron sen completar?

Sen completar non, porque eu o que dixen no día de investidura, o meu mandato sería de equilibrio económico para o Concello das pequenas cousas, e fixemos moitas. Logo cando estivese todo equilibrado, comezar cos proxectos máis ambiciosos como acabar o saneamento que queda no noso rural, un rural especialmente extenso. Por tanto creo que nese sentido cumprimos e estamos satisfeitos, aínda que claro, a un sempre lle gustaría ter feito máis. Mais tamén é unha realidade que pasamos de ser un dos concellos da nosa posición máis endebedados de Galicia a ser un dos máis solventes de Galicia e isto é bo.

-O que conseguiu materializar, cal é o que máis satisfacción lle dá?

Sobre todo as cuestións económicas. Eu son empresario na miña vida privada e sei da importancia desta cuestión. Agora Lalín está preparado para retos de futuro importantes, non? E antes viñamos arrastrando débedas millonarias por causa de proxectos faraónicos un tanto desproporcionados. Entón insisto, cada pista que se arranxe, cada saneamento que se poda facer, cada rotonda que dea seguridade e as vivendas que fixemos e a aposta polo deporte e sobre todo, a aposta polas políticas sociais incrementando substancialmente as partidas, iso tamén me fai sentir moi orgulloso.

-De continuar na alcaldía, cal sería a súa primeira de-

cisión?

Sobre todo avanzar na execución de fondos europeos que temos que desenvolver aínda, dos que aí van saír proxectos como os presentados para a reforma do casco urbano, porque é unha iniciativa urbana. E logo comezar cun plano sobre o saneamento do rural que é unha prioridade.

-Como poden influír os resultados en Lalín na comarca e na provincia?

Se eu fose candidato do PSOE habería máis posibilidades de sacar o deputado da zona cousa que afectaría bastante na Deputación. Creo que como non é a circunstancia sería máis complicado e seguramente sexa do PP, que ten moito asentamento nesta comarca desde hai moitos anos. Por tanto, repercusión non, mais Compromiso vaise presentar nos concellos da Golada e Rodeiro. Creo que iso significa que algo de traballo se está vendo en Lalín e que ten repercusión noutros concellos.

-Como ve a relación Xunta-concellos?

Coñezo bastante ben á xente que leva a Xunta actualmente e teñen unha certa querencia por obviar as necesidades de veciños e veciñas daqueles concellos que non gobernan. Sempre o fixeron, non é de agora. Na época Fraga menos, porque había conselleiros que eran nomeados fillos adoptivos en concellos gobernados polo PSOE, cousa agora mesmo impensable. Por tanto, vemos como á Xunta só lle preocupa



Lalín se ten o poder, se non o ten no seu poder destinan a Lalín cero. Iso é o que vimos todos estes anos.

-Sería necesaria unha alternativa á FEGAMP?

Eu non o vexo moi funcional. Mais teño o meu máximo respecto polo alcalde do Barco, presidente da FEGAMP, e o certo é que me gustaría botarlle un cabo para que sexa máis funcional, ou polo menos máis visible o seu traballo. Creo que o municipalismo é importante en Galicia e a federación que nos representa debora ter maior peso na toma de determinadas decisións.

-É necesaria unha mesa moi ampla dos concellos, sobre todo do rural, para tratar o tema do despoboamento?

É un tema que eu escoitaba case moi de mozo falar na miña casa a Fraga. É un tema que se trata desde hai décadas e non se dá tocado a tecla. Evidentemente, nun contexto de recuperación económica como o que parece haber en concellos como o de Lalín, que somos dos poucos onde aumenta a poboación, sempre é máis doado por cuestións de traballo e facilidades de que as familias se animen a ter fillos, cousa que en concellos onde a crise continúa é máis difícil. Mais insisto, en cuestións de despoboamento hai que sentar moitos sectores para analizar polo miúdo. Insisto que non se deu coa solución, por tanto non é doada de buscar.

Don Bernardino adega doblemente premiada en Amandi

Un total de 24 adegas da Ribeira Sacra participaron na 39 edición da Feira do Viño de Amandi, que se celebrou en Sober, o que supón dúas adegas máis que o ano pasado. A feira de Sober, declarada de interese turístico, reuniu a miles de persoas ao longo dun fin de semana. A fadista María do Ceo leu o pregón da festa que incluía concertos, catas de viños e exposicións, entre outros actos. Ademais de inaugurar este ano a Feira do Viño de Amandi, Adegas Don Bernardino recolleu o premio en brancos e un dos tintos.

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, asistiu á Feira de Sober, onde destacou o papel do sector vitivinícola na dinamización económica do rural e na creación de emprego e riqueza. Conde felicitou aos organizadores por unha feira que "xa é referente no sector" e "un re-

clamo" para os miles de visitantes que se achegan cada fin de semana de Ramos. Tamén subliñou que os viños que se degustarán pertencen á colleita de 2018, "cando a denominación de orixe da Ribeira Sacra alcanzou por segundo ano consecutivo e por terceira vez na súa historia a cualificación de excelente". O conselleiro tamén encomiou o "bo facer" do sector galego que, con cinco denominacións de orixe, máis de 13.000 viticultores e preto de 500 adegas, "sabe conxugar a tradición coa innovación á vez que aposta por abrirse a novos mercados tanto nacionais como internacionais".

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, asistiu á festa onde destacou o papel do sector vitivinícola na dinamización económica do rural e na creación de emprego e riqueza. Conde felicitou aos organizadores por

unha feira que xa é referente no sector e un reclamo para os milleiros de visitantes que se achegan cada fin de semana de Ramos. Tamén destacou que os viños que se degustarán pertencen á colleita de 2018, cando a Denominación de Orixe da Ribeira Sacra alcanzou, por segundo ano consecutivo e por terceira vez na súa historia, a cualificación de excelente. O conselleiro tamén gabou o bo facer do sector vitivinícola galego que, con cinco denominacións de orixe, máis de 13.000 viticultores e preto de 500 adegas, sabe conxugar a tradición coa innovación á vez que aposta por abrirse a novos mercados tanto nacionais como internacionais.

O conselleiro do Medio Rural, José González, acompañado polo director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal), Manuel Rodríguez, asistiu á apertura da 39 edición onde



Adega Don Bernardino inaugurou a feira e recibiu dos premios.

sinalou que é importante defender a calidade dos viños galegos vinculada ao territorio no que se producen e ás variedades autóctonas. José González puxo en valor o peso da subzona de Amandi dentro da denominación de orixe Ribeira Sacra, que o pasado ano xerou un valor económico estimado en máis de 19,2 millóns de euros ao producir algo máis

de 3,7 millóns de litros de viño cualificado. O titular de Medio Rural aproveitou tamén para felicitar aos organizadores desta cita, pois máis alá do carácter festivo, gastronómico e enolóxico, a Feira do Viño de Amandi xoga un papel como dinamizador e impulsor da produción e a promoción dos viños desta denominación de orixe en particular.

Pequenos colleiteiros na Feira do Viño de Quiroga

Na XXXVII edición da Feira do Viño de Quiroga participaron catro colleiteiros e dúas colleiteiras ofrecendo os seus mellores caldos. Foi un certame vitivinícola que ten por costume dar protagonismo aos pequenos colleiteiros prescindindo da presenza de adegas profesionais. Participaron: Iria Carballado González, de San Vitorio; Gaspar Álvarez Nogueira, das Medas; Secundino Rodríguez Sobrino, de Toucedo; Elías González Mourelo, de Carballo de Hospital; José Luis Rodríguez Lago, de San Xulián de Abaixo e María Oliva Cao Expósito, de Bendollo.

Trala recepción de autoridades na Casa do Concello

procedeuse á inauguración do recinto feiral a cargo da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez Mejuto. Lugo celebrouse o Encontro Infantil do Certame Celtibérico de Bandas de Gaitas con desfile pola Rúa Real, arteria de comunicación principal da vila, para unha posterior actuación conxunta na Praza de España. Este ano o encontro homenaxeou a Manuel Méndez Silvelo, gaiteiro de Outeiro.

Pola tarde amenizou o recinto feiral o grupo de gaitas Alecrín e posteriormente celebrouse o festival de música no auditorio municipal coa actuación da Coral Polifónica de Quiroga, o grupo Alecrín e os grupos de danza San Mar-

tiño e Arume da Queiruga. Entregáronse os premios do "Certame de Cartas de Amor Vila de Quiroga". Xa pola noite, o actor Pablo Chiapella Cámara, dirixiuse aos presentes para exaltar as bondades de Quiroga e dos seus viños no seu pregón. A continuación houbo festa popular coa orquestra Grupo Atenas e entrega de premios do IX Concurso de Camisetas Feira do Viño, no palco. O domingo día 21 houbo máis animación musical, neste caso centrada no recinto feiral, co grupo de gaitas local O Recanto durante a mañá. Logo entregáronse os trofeos aos colleiteiros. Pola tarde actuou a charanga Fuego que puxo música no recinto feiral ata o fin de festa.



Asistentes escoitando o pregón.

Medio Ambiente e Os Bolechas lanzan un concurso de debuxo sobre reciclaxe de aparellos electrónicos

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda presentou hoxe en Ribeira un concurso de debuxo dirixido a escolares de centros de infantil e primaria de toda Galicia para incidir na importancia de realizar unha correcta reciclaxe dos residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE) tanto para garantir a saúde do planeta como pola nosa propia saúde.

O concurso de debuxo RAEE-Bolechas está aberto á participación de todo o alumnado de infantil e primaria da comunidade e o seu obxectivo final é contribuír a concienciar as novas xeracións sobre a importancia de realizar unha correcta reciclaxe dos residuos derivados deste tipo de aparellos, tanto para garantir a boa saúde do planeta como a das persoas. Neste sentido, a finalidade da actividade promovida desde a Consellería de Medio Ambiente é subliñar o papel que xoga tamén a contorna

escolar á hora de fixar determinados hábitos e costumes. **Dúas modalidades: desde o colexio ou desde casa**

Para plasmar a súa creatividade e poder participar, os rapaces interesados terán de prazo para facer os seus debuxos desde o 6 de maio ata o día 31 do mesmo mes. Poderase participar de forma colectiva desde o colexio: o mestre ou mestra inscribirá a súa clase no certame a través da web oficial da campaña e sete días despois un mensaxeiro pasará polo centro para recoller os debuxos.

Pero tamén se poderá participar de forma individual desde a casa. Para iso, os escolares que participaron co colexio recibirán un código que unha persoa adulta deberá inserir na web para que o estudante participe individualmente co mesmo debuxo que fixo no colexio. Pero as nenas e nenos que non participen na escola, tamén poderán ser inscritos e



descargar na web a folla para facer o debuxo e participar.

Os gañadores en cada unha das dúas modalidades serán escollidos a través dun sorteo ante notario. Na modalidade colectiva, a aula que resulte gañadora levará un premio de 3.000 euros que terá que destinar a actividades educativas (viaxes culturais e similares) mentres que entre o resto de aulas inscritas sortearanse 10

portátiles e 20 Bibliotecas Básicas dos Bolechas. E entre os debuxos que participen na modalidade individual sortearanse outras 20 bibliotecas dos Bolechas.

Ademais, o colexio gañador do gran premio de 3000 euros recibirá o agasallo nunha cerimonia pública prevista para o vindeiro 7 de xuño.

Campaña de sensibilización

O pasado mes de decembro

a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda puxo en marcha unha campaña de sensibilización para fomentar a reciclaxe dos RAEE entre os escolares galegos da man de Os Bolechas. Con este fin, os populares personaxes infantís convertéronse nos Electrecos, superheroes da reciclaxe que dunha maneira amena e didáctica percorren os colexios galegos trasladándolles aos cativos pautas e coñecementos para o correcto tratamento destes residuos e recrutando novos aliados para o seu obxectivo.

Con esta iniciativa percorrerase en total 350 centros educativos de toda Galicia co fin de acadar que as novas xeracións de galegos sexan conscientes da importancia da reciclaxe dos residuos e, concretamente, daqueles derivados dos aparellos eléctricos e electrónicos que desbotamos porque non funcionan ou quedan obsoletos.

Espazo Común “defenderá a implicación dos cidadáns no exercicio da política”

Óscar Pérez Carral, candidato á Alcaldía de Ourense por Espazo Común, presentou unha candidatura, que inclúe a María Quintas e ao ex-capitán do CD Ourense Ramón Dacosta, como números 2 e 3, e que aspira a “fomentar a participación activa e efectiva dos cidadáns no exercicio de acción política”.

Pérez Carral subliñou que se presentará “un programa aberto que inclúe máis de 245 accións concretas elaboradas e estudadas a partir de reunións con distintos colectivos sociais, veciños, asociacións



Candidatos de Espazo Común para Ourense capital.

e sectores profesionais”. Un programa que “seguirá recollendo as achegas de moitas máis asociacións y colectivos

para defender a implicación real dos cidadáns no exercicio da política e crear un proxecto de orgullo pola cidade.”

A Cidade Termal do PSOE

Rafael Villarino, candidato do PSdeG-PSOE á Alcaldía de Ourense pponse como meta sacar a Ourense da “resignación” para conseguir que os veciños sentan “orgullosos de onde viven”. Nun acto de inauguración do local de campaña, onde estivo acompañado polo secretario xeral dos socialistas galegos, Gonzalo Caballero, púxose como meta acabar co problema do tráfico en Ourense coa creación da OU-30, unha circunvalación que rodee toda a cidade, para permitir “que por fin liberemos o tráfico”. A partir da variante ex-

terior os socialistas propoñen reutilizar os 15 quilómetros de vía que quedarán libres desde a cidade ao polígono industrial de San Cibrao das Viñas con “un corredor verde non que haberá un tranvía e un lugar de espazos verdes e edificios públicos, como o da estación de San Francisco, que se utilizarán para fins culturais”. O outro dos eixos do programa do PSOE será a creación da “cidade termal”, cun consorcio estatal que o fará realidade o Goberno de Pedro Sánchez, “como se comprometeu na súa visita á cidade”, dixo Villarino.

O Couto mobilízase para defender o seu parque

Os veciños do Couto empezaron a mobilizarse en contra do proxecto municipal de situar a zona de monopatines que actualmente se sitúa nos exteriores do Pavillón dos Remedios, no Parque do Couto situado baixo a Ponte de O Milenio en dirección a Vistahermosa. Aínda que o anuncio do devandito proxecto provén de hai xa tempo, o detonante das mobilizacións foi a destrución de zona axardinada e unha potente tala que se produciu estes días, segundo denuncian os propios veciños.

Os veciños defende a pervivencia do devandito parque fronte á agresión que supón aniquilar esta zona de especies de caducifolias e poñer en perigo un espazo importante na cidade de árbores de folia perenne, con especies de cedros do Atlas e do Himalaya e de ciprés de Arizona, ademais

de considerar que o parque se ve abocado á súa extinción. E piden que todos os traballos tomen como referencia o proxecto orixinal que no seu día elaboraron os funcionarios do Concello de Ourense Javier López Pérez e Jorge Abadín.

O Colectivo ADEGA xa pediu á Consellería de Cultura e Turismo "un replantexamento do proxecto e, en concreto, do que se refire ao Parque do Couto". A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia na súa argumentación segrega o caso do parque do que é o proxecto da segunda fase da Posta en Valor da Ponte Vella, que cre "estar bastante ben". O que non quere dicir que, para liquidar o problema que xera a pista de skate onde actualmente atópase (nas inmediacións da Ponte Vella), elimínese o Parque do Couto xerando outro problema.

ADEGA considera que o par-

que de skate pode levar a outro emprazamento da cidade, pois "os usuarios do monopatín teñen dereito a ter unha instalación adecuada e mellorada, aínda que non son moitos". Pero a solución á súa localización non pode producirse á conta de sacrificar o Parque do Couto, sinala ADEGA, antes de concluír lembrando que "o que non é de recibo e que os contornos verdes sexan sacrificados deste xeito", segundo planea á Xunta a Asociación ecolóxica no seu escrito.

O Grupo Municipal Socialista anunciou unha moción ao Pleno do Concello de Ourense, pola que expón un acordo para recolocar a pista de skate. Deste xeito, os socialistas fanse eco das protestas veciñais que expoñen manter a integridade do recinto en contra do proxecto da Xunta de Galicia de recolocar neste punto a pataca



O Parque do Couto está en perigo.

quente da mencionada pista.

A moción do Grupo do PSOE expón que o Goberno municipal comprométase a "protexer, manter e poñer en valor o Parque do Couto como pulmón verde da nosa cidade". Pídese que se preserven as especies arbóreas existentes nel e, mes-

mo, que se mellore o mobiliario existente. Iso despois de que os socialistas pidan aos de Vázquez Abad desistir das pretensións da Consellería de Ethel Vázquez de exonerar o perímetro da Ponte Vella da devandita instalación endosándola aos veciños do Couto.

Seguros
Servicios Ourense
☎ 678 578 161
988 044 834
www.servizosourense.es

CARNICERÍA MARIVAN

abierto los domingos
C/Faustino Santalices - esquina Pablo Picasso - Ourense
Tlf. 639 58 04 30

jba
servicios inmobiliarios

Francisco de Moure 22 Baixo, Ourense
☎988 10 20 75 ☎629 83 67 48
www.inmobiliariajba.com
jba.couto@ymail.com

Orixe
PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN
988 60 70 75

Diseño - Impresión - Rotulación - Merchandising
www.orixepublicidade.es
Rúa Francisco de Moure 20 • Ourense

Club Tosca
C/ Ervedelo, 15 - ourense
☎ 988 23 44 99
698 14 82 07

VEN...
www.clubtosca.es
Sala de Fiestas Music-Hall

cerramos los domingos

GADIS SORTEA 358 ABONOS.

**DO 2 AO 31 DE
MAIO PARTICIPA
POR CADA 20 €
DE COMPRA.
EN CADA SUPERMERCADO
SORTEAMOS UN PREMIO DE
DOUS ABONOS.**

PROMOCIÓN VÁLIDA NOS
SUPERMERCADOS GADIS DE GALICIA.
NON VÁLIDO EN GADISLINE.COM



GADIS



ADEGA denuncia talas de arbores en Manzaneda



A tala realizouse no antigo poboado de Iberdrola.

A delegación en Ourense da Asociación para a Defensa da Ecolóxica de Galiza (ADEGA), solicita da Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS) que investiga a tala de árbores no Concello de Manzaneda. ADEGA ven de tomar coñecemento, por medio de fontes veciñais de Manzaneda, na zona do antigo poboado de Iberdrola no Bao, que pertence a parroquia de San Miguel e na pedanía de Reigada, dunha problemática ambiental. “Consiste-dí ADEGA- nunha tala de arbores

bastante grande e por certo algún deles centenarios e achegados o río Bibei, entre os que destacamos chopos (*populus alba*), salgueiros (*salix babylonica*), pradairos (*acer pseudoplatanus*), bidueiros (*betula*) principalmente e algún piñeiro (*pinus pinaster*), aciñeiras (*quercus ilex*), cipreses xapones (*chamaecyparis obtusa*) e por outra banda arbustos estripeiros (*crataegus monogyma*). A tala comezou a principios do mes de abril producíndose danos no entorno natural.

Un grupo da Bretaña francesa de visita en Ourense



O grupo de visita no Pazo Provincial.

O vicepresidente da Deputación, Rosendo Fernández, recibiu no salón de Plenos do Pazo Provincial, a un grupo da Bretaña francesa que forma parte do irmandamento Quimper-Ou-

rense que existe desde hai catrore anos e que promove os intercambios culturais entre os dous territorios. Nesta ocasión, un grupo de Quimper, integrado por dezaseis persoas de entre 60 e 72 anos, perco-

Medio Ambiente aproba o Plan Xeral da Teixeira

O Concello de A Teixeira xa ten un novo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) adaptado e acorde á normativa urbanística vixente. A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, asinou a orde de aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) da Teixeira, un trámite co que se pon fin ao traballo desenvolvido nos últimos once anos para dotar a este pequeno municipio ourensán dun marco legal moderno que substitúa á ordenación básica vixente desde o ano 2001 e contribúa ao desenvolvemento sostenible do seu territorio.

Durante o acto de sinatura do PXOM xunto ao alcalde de A Teixeira, Miguel Cid, a responsable autonómica de Urbanismo subliñou que con este novo planeamento fomentárase a ordenación e a mellora dos 34 núcleos rurais identificados no municipio, onde o 97,5% do territorio está cualificado como solo rústico. Deste xeito, explicou que o documento se fixa entre os seus principais obxectivos evitar a degradación e a perda de construcións tradicionais incentivando a súa rehabilitación e favorecendo

reure a provincia.

Durante estes días, os veciños da Bretaña francesa coñeceron, ademais dos atractivos turísticos naturais e patrimoniais de Ourense, a gastronomía, o termalismo e a moda ourensá, visitando lugares emblemáticos do noso territorio como a Ribeira Sacra, elixida candidata de España para Patrimonio Mundial da UNESCO.

No 2018 foi a Deputación de Ourense, a través do Centro



O alcalde da Teixeira Miguel Cid, recibiu á conselleira de Territorio e Vivenda.

o uso e o aproveitamento do medio rural.

Na mesma liña e polo que respecta aos obxectivos en materia de vivenda, Ángeles Vázquez indicou que o novo planeamento prevé o desenvolvemento de novas edificacións, reservando un máximo de case 5.000 metros cadrados a uso residencial, pero incide principalmente na fixación de poboación pola vía de rehabilitar o xa construído e consolidar os núcleos existentes.

Máis alá das previsións referidas ao desenvolvemento dos núcleos rurais, o documento tamén propón a creación dun ámbito de solo urbanizable no que concentrar usos industriais e terciarios localizado ao sur do concello, entre o núcleo de Valilongo e

o límite do termo municipal. Deste xeito, promóvese o desenvolvemento dunha área industrial ligada principalmente ao cultivo da vide e á comercialización de produtos vinícolas, un sector importante neste concello.

Tamén se pon en valor a explotación racional dos recursos naturais existentes en A Teixeira, apostando por aproveitar e desenvolver novas posibilidades como, por exemplo, a potenciación do turismo rural. Así mesmo, resérvanse un total de 11.508,74 metros cadrados para espazos libres e zonas verdes, un 3% máis do esixido legalmente; e outros 3.805,74 metros cadrados para equipamentos comunitarios, un 2,2% por riba da porcentaxe que fixa a lei.

de Cultura Popular “Xaquín Lorenzo”, quen visitou a Bretaña Francesa, participando na Semana de Galicia, onde desenvolveu diferentes actividades centradas na posta en valor do patrimonio etnográfico, cultural e turístico da provincia de Ourense, así como en dar a coñecer o traballo que realiza este centro da Deputación de Ourense na recuperación, conservación e difusión da cultura popular e tradicional do noso

país. O Centro de Cultura Popular “Xaquín Lorenzo” expuxo en Quimper catro mostras centradas: na Ribeira Sacra, no Entroido da provincia, no traxe tradicional galego e “unha exposición con 60 libros sobre a nosa cultura que quedou alí para instalar a biblioteca de Ourense en Quimper”, explicou Lito Prado, do CCP Xaquín Lorenzo, quen acompañou a este grupo de Quimper na visita á Deputación de Ourense.

Belesar prepara a XIV Festa do viño e das cereixas

Os días 17, 18 e 19 de maio celebrárase en Belesar a XIV edición da “Feira do viño e das cereixas” organizada pola asociación Papeiros, de Chantada e Rabudos, do Saviñao. José Maril Sánchez será o pre-

goeiro o sábado día 18 logo do acto de corte da cinta inaugural na ponte sobre o río Miño que comunica os concellos de Chantada e O Saviñao.

Dez produtores de cereixa e catro adegueiros terán abertas as casetas con seus

produtos, de venres a domingo. Despois do pregón entregaránse as distincións de “cofrades maiores do bó viño de Belesar e Líncora”. O domingo ás 17,30 celebrárase o certame de aturuxos a cargo de Papeiros e Rabudos. Durante os tres días haberá festa campestre á beira esquerda do río Miño para degustar polbo e carne en distintas elaboracións. Orquestras e grupos musicais animarán a festa. Os colleiteiros de cereixa porán á venda o produto procedente de Santiago de Arriba, Cartemil, A Sariña, Belesar e San Pedro de Líncora. No recinto feiral tamén haberá postos de artesanía, de chacinería e de queixos.

Na zona de servizo de comidas os asistentes de-




Caballero de Viana saboreando un “habano”.

gustarán as viandas que ofrecen os postos de venta e, por outra banda, os grupos habituais a esta celebración degustarán os xamóns, paletas, pezuñas, chourizos e salchichón da firma “Caballero de Viana” (Chantada) que José Moure

González presenta na mesa con pulcritude e profesionalidade e que remata con variadas e abundantes sobremesas. Eusebio Fontao deleita aos convidados co fruto dos seus viñedos ubicados na ladeira chantadina e solleira de Belesar.



Manuela Porto foi pregoeira en 2018.



Galicia

Identificados dous valiosos manuscritos do século XIII de Bernardo de Brihuega, colaborador do rei Afonso X

O Arquivo Histórico Provincial de Ourense (AHPOu) garda na súa colección de pergameos un valioso manuscrito, recentemente identificado, da obra haxiográfica de Bernardo de Brihuega, estreito colaborador do rei Afonso X (1252-84). Trátase de dous fragmentos – un bifolio e unha folla solta – en castelán das Vidas y pasiones de los Apóstoles, datables a finais do século XIII ou comezos do XIV, que constitúen o testemuño máis antigo conservado desta obra, da que até agora só se coñecían algunhas copias tardías (desde segunda metade do XIV até comezos do XVI) en latín, castelán e portugués.

Os fragmentos en cuestión teñen o valor engadido de pertenceren a un códice haxiográfico moi coidado, seguramente de procedencia rexia,

en que se copiaría a tradución castelá íntegra do libro II de Bernardo de Brihuega sobre a vida e as paixóns dos apóstolos. Neste caso, o contido conservado nos dous fragmentos correspóndese con varios capítulos da vida e paixón de Santo Tomás, San Marcos e San Andrés.

É moi relevante, ademais, que o bifolio fora reutilizado como capa dun libro de apeo dos bens do convento feminino de Santa Clara de Allariz, único mosteiro galego de fundación real, pois permite reconstruír o itinerario cultural do códice desde a corte castelá até o territorio galego e a súa eventual difusión ao reino portugués nas primeiras décadas do século XIV.

A colección haxiográfica de Bernardo de Brihuega, compilada baixo o mecenado do rei Sabio, estaba composta por



cinco libros sobre a historia da Salvación e dos seus protagonistas a partir do Novo Testamento: a vida de Xesús e de Santa María (libro I), as vidas e paixóns dos apóstolos (libro II), as paixóns dos mártires (libro III), as vidas dos confesores (libro IV) e as vidas das virxes (libro V).

Fonte principal

A tradución desta obra ao castelán, realizada polo propio de Brihuega, ademais de circular como unha obra independente, como demostra o fragmento do AHPOu, tería sido empregada como fonte principal para a composición dalgunhas seccións da compilación universal de Afonso X, a General estoria. Desde finais do século XIII e durante as centurias seguintes, a obra vernácula de Brihuega tería sido difundida e traducida no Occidente peninsular, como demostra o fragmento do AHPOu e as diferentes versións portuguesas hoxe conservadas.

Os fragmentos do AHPOu foran descritos nun principio por Antonio Odriozola como parte da General estoria, mais o recente estudo de Ricardo Pichel (Universidade de Alcalá), quen prepara actualmente unha edición e estudo completo do

manuscrito, permitiu identificarlos coa obra haxiográfica de Bernardo de Brihuega e afinar a súa datación a cabalo dos séculos XII e XIV.

Pódese ler unha primeira aproximación ao estudo dos fragmentos nesta web TextoR do Grupo de Investigación Textos para a Historia do Español da Universidade de Alcalá.

O Arquivo Histórico Provincial de Ourense, dependente da Consellería e Cultura e Turismo, é un institución cultural de titularidade estatal e xestión transferida. Nos cinco quilómetros lineais de andeis dos seus depósitos custodia 221 fondos, dos que 153 son de orixe privada. O Arquivo ten a súa sede no antigo palacio episcopal, onde presta servizo a toda clase de usuarios, que acoden a el por motivos administrativos, de investigación histórica ou culturais.

Castro Caldelas recupera fontes de augas sulfurosas

As brigadas de obras do Concello de Castro Caldelas están a realizar un importante labor de humanización dos pobos mediante a recuperación de fontes, bebedoiros, e lavadoiros, así como de augas mineiro medicinais de gran valor para tratamentos da pel e do aparato dixestivo.

A alcaldesa, Sara Inés Vega Núñez sinala que nos pobos a estes bens "dábaselles pouca importancia e levamos un mes dándolle unha volta, por todos os pobos, recuperándoos". De feito xa recuperou unha área con augas mineiro medicinais, como a Fonte do Baño que son sulfurosas e boas para a

pel e problemas dixestivos, ou na Fonte de Piñeira que xa está catalogada como Ben de Interese Público desde o século XIX, e "xa se actuou nela".

Tamén se está recuperando a área da Fonte da Veiga

de Sas, na parroquia de Sas de Penelas, que ten unha poza en pedra natural e "estamos á ornamentar con pedra". Conta que antigamente a xente bañábase aí e de feito cando había animais con sarna, nos anos 60 tamén os bañaban aí e curábanse do mesmo xeito que a xente. Tamén



Fonte con lavadoiro no barrio das Laguiñas.

mén tiñan un espazo que era para beber.

Nesta zona plantáronse 70 especies distintas arbóreas, como a aciñeira, e é un espazo para merenda e baños. Todas estas augas quedan para o goce dos veciños, e o investimento é pouco, só de material.

Día do Libro



Nesta ocasión vendéronse menos libros que o ano pasado.

As librerías de Ourense, con motivo do Día do Libro, concentráronse na céntrica rúa do Paseo para ofrecer libros co dez por cento de desconto. Explica Pilar Rodríguez, de librería Padre Feijóo e presidenta do colectivo de libeiros galegos, que os títulos máis solicitados foron "O último barco" novela policíaca do vigués

Domingo Villar; "Todo esto te daré", de Dolores Redondo, ambientada en Ribeira Sacra; "El legado de la villa de las telas", de Anne Jacobs; "Las hijas del capitán", de María Dueñas e "La hija del relojero", de Kate Morton. A pesar da choiva, as casetas con libros estiveron abertas ao público desde as 10 da mañá ata as 9 da noite.

O SacraFestival será en Chantada e O Saviñao

Presentouse a III Edición do SacraFestival, que terá lugar os días 31 de maio, 1 e 2 de xuño nos concellos de Chantada e O Saviñao. Trátase dun festival multidisciplinar que une gastronomía, enoloxía, música, danza, cine e formación de novos talentos, con residencias artísticas e obradoiros formativos.

A deputada García Porto remarcou que “a cultura non poden ser só as grandes citas nos grandes centros culturais, con pequenas accións, feitas con cariño e coidado como é este festival conseguiremos poñer en valor todo o que somos e o que podemos ofrecer desde calquera recuncho da nosa provincia”.

O SacraFestival conta cun programa variado no que se inclúen proxecións, espectáculos de danza, rutas, catas



Presentación á prensa do SacraFestival.

de viños ou concertos como o de Mercedes Peón ou o músico Electropop Baiuca, sumando un total de 15 actividades divididas en diferentes puntos dos concellos de Chantada e O Saviñao, mostrando ademais un compromiso coa sustentabilidade, integrando as actuacións nos espazos xa existentes.

García Porto tamén destacou

que “a paisaxe é un dos grandes reclamos turísticos desta comarca, unha potencialidade que desde o goberno da Deputación sempre vimos e quixemos potenciar, co apoio á candidatura da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade ou colaborando e implicándonos en diferentes iniciativas culturais e turísticas como é o SacraFestival”.

Poesía na Escola



Presentación do libro de poemas.

José Ramón Fernández Morgade, presidente do Círculo Poético Ourense, convocou na sala de xuntas da Academia Postal, unha rolda de prensa para presentar o libro “Poesía na Escola” que contén as poesías dos finalistas do VII concurso de poesía para alumnos de primaria e Eso da provincia de Ourense. Un día despois entregáronse os

premios do concurso no salón de actos da Biblioteca Pública coa actuación da rondalla Alecrín. Tamén participaron na rolda de prensa Francisco Nóvoa, presidente da Academia Postal e Rosa M. Díaz Naya, directora da Biblioteca. Academia Postal xunto coa Deputación e o Concello patrocinaron a sétima edición do libro de poemas.

M
Abogados Moreno

bsuarez@abogadosmoreno.es www.abogadosmoreno.es

986410949 (Vigo) - 986182122 (Salvaterra)

Calle Venezuela, 12, 1º E. Vigo.
Rúa Galicia, 5. Salvaterra de Miño.

BARXA
advogados S.L.

Civil
Empresarial
Penal

nemesio.barxa@barxadvogados.gal www.barxadvogados.gal

Sam Donmigos, 39, 1ºB . 988 228 420 . Ourense
Praza da Princesa, 6, 1ºA . 986 432 680 . Vigo
Rúa de Ceuta, 60, 5ºda. . 351 220 020 58 . Porto

**Fai valer os
teus dereitos!**

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·
· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·
Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA
Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Conursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

Novas da Raia

Redacção

Executivo e Assembleia Municipal de Monção contra a prospeção de lítio

O Executivo Municipal de Monção, reunido no passado dia 29 de abril, em Abedim, aprovou, por unanimidade, uma tomada de posição, onde se manifesta contra a atribuição de direitos de prospeção e pesquisa de lítio e outros minerais numa área, denominada “Fojo”, localizada nos concelhos de Monção, Melgaço e Arcos de Valdevez.

A decisão, objeto de apreciação e votação na Assembleia Municipal, realizada no auditório da Escola Profissional, no dia 30 de abril, sob a forma de proposta de oposição, foi igualmente aprovada, por unanimidade, pelos membros daquele órgão deliberativo.

Entretanto, está a ser ultimada uma reclamação conjunta dos três municípios,

devidamente fundamentada e documentada, para apresentar à Direção-Geral de Energia e Geologia, até 6 de maio, conforme Aviso nº4722/2019, publicado no Diário da República.

A presente deliberação vem de encontro à opinião de António Barbosa, cujo comunicado público, no dia 18 de abril, referia que o Município de Monção está atento e vigilante ao desenrolar do processo, sublinhando que “a identidade ambiental do nosso território é um bem inestimável que tudo faremos para proteger” e “os interesses da população monçanense estarão sempre em primeiro lugar em detrimento de qualquer interesse económico”.

Naquele documento, é mencionada a Estratégia Nacional

de Conservação da Natureza e Biodiversidade, aprovada pela resolução de Conselhos de Ministros nº152/2001, de 11 de outubro, onde são assumidos como objetivos gerais, entre outros, a promoção da utilização sustentável dos recursos biológicos e a prossecução dos objetivos de cooperação internacional em que Portugal está envolvido.

Referência ainda para um conjunto de adversidades que afetarão o ecossistema local, a área de influência de uma das alcateias de lobo ibérico, a produção do vinho Alvarinho, importante recurso económico de muitos monçanenses, bem como algumas intervenções previstas no âmbito patrimonial e paisagístico com efeitos nefastos ao nível do turismo.

Sável e truta-comum em destaque no Aquamuseu do rio Minho

Entre abril e junho, o Aquamuseu do Rio Minho volta a promover duas exposições que visam proporcionar à população em geral um conhecimento mais alargado sobre duas espécies presentes no rio Minho: o sável e a truta-comum.

Pela sua importância a nível económico e também social, a mostra intitulada “O Sável do rio Minho” revela a distribuição, as características, os períodos e artes de pesca, os registos da pesca, assim como alguns testemunhos e termos utilizados pelos pescadores.

Não obstante, e igualmente muito apreciado pelas pessoas



e pelos pescadores de pesca desportiva, a truta-comum também estará patente numa exposição distribuída por painéis informativos e fotográficos junto à entrada do Aquamuseu. O objetivo é dar a conhecer algumas das características gerais, reprodução, habitat e ameaças deste salmonídeo.

Fica o convite para uma visita ao Aquamuseu, complementada por estas duas sugestões.

EDP Distribuição entrega viatura aos bombeiros de Monção

No âmbito do programa “Doar para Proteger”, inserido no Plano de Investimento Social, a EDP Distribuição ofereceu, na manhã de ontem, em Braga, seis viaturas de prevenção e combate a incêndios a serviços florestais de proteção civil das autarquias e a corporações de bombeiros da região do Minho.

Os “soldados da paz” monçanenses foram contemplados com uma viatura (Mitsubishi L200) que será entregue, por estes dias, no quartel da corporação. Além de Monção, beneficiaram deste apoio da EDP Distribuição, os municípios de Murça, Montalegre, Vila Flor, Vieira do Minho e Arcos de Valdevez.

Realizada nas instalações da empresa em Braga, a cerimónia protocolar, presidida



por João Torres, Presidente da EDP Distribuição, contou com a presença do autarca monçanense, António Barbosa, e do comandante da AHBVM, José Passos.

João Torres referiu que “a empresa compreende as dificuldades dos bombeiros e a necessidade em disporem de

equipamento para a prevenção e combate a incêndios”, sublinhando, de seguida, que “na renovação da nossa frota, destacamos um conjunto de viaturas que se encontram em bom estado para auxiliar as estruturas de bombeiros e a proteção civil”.

António Barbosa destacou

“a dimensão social e a proximidade da empresa à população”, congratulando-se com “esta preciosa ajuda aos bombeiros monçanenses” que “desempenhando uma função importantíssima na defesa de bens e pessoas, merece todo o apoio que possa ser dispensado”.

EB do Vale do Mouro premiada no concurso “Cartas Seguras”

No âmbito das comemorações do “Dia Mundial da Poupança”, a Fundação Dr. António Cupertino de Miranda (FACM) e a Associação Portuguesa de Seguradores (APS), lançaram a todas as turmas participantes na 9ª. Edição do Projeto de Educação Financeira, “No Poupar Está o Ganho”, o desafio para realização de um trabalho intitulado “Cartas Seguras”.

O concurso consistiu na conceção e produção, por cada turma participante, de um baralho de cartas sobre a temática dos seguros. A turma 4ºT1A, da Escola Básica do Vale do Mouro, em Tangil, foi uma das turmas vencedoras do concurso. No dia 8 de maio, os alunos e a professora, Marlene Lobato Pires, vão receber o prémio na sede da FACM.

Redacción

Coleção de Jaime Isidoro apresentada em Cerveira

No total serão apresentadas, no Fórum Cultural de Cerveira, mais de 200 obras de arte da coleção privada de Jaime Isidoro (1924-2009), ainda pouco conhecidas pelo público. Composta maioritariamente por artistas portugueses, estarão também representados nomes marcantes internacionais, como Pablo Picasso (ES), Joseph Beuys (DE), Candido Portinari (BR), Markus Lüpertz (DE) Rafael Canogar (ES) e Eduardo Arroyo (ES).

"Ainda no rescaldo dos 40 anos Bienal Internacional de Arte de Cerveira, não poderíamos deixar de prestar tributo àquele que é considerado o 'pai' do evento. Dar a conhecer o legado deste que foi um grande dinamizador das artes em Portugal é um dos objetivos desta mostra", afirma o Presidente da Fundação Bienal de Arte de Cerveira, Fernando Nogueira.

"Esta exposição conta-nos a história da sua intensa atividade como dinamizador e ativista cultural, iniciada no arranque da segunda metade

do século XX e que fará dele, porque não, pelo menos um dos pais do mercado da arte (contemporânea) em Portugal", explica a curadora, Helena Mendes Pereira.

De acrescentar que este é o primeiro passo dado de um trabalho de investigação sobre a ação de Jaime Isidoro enquanto divulgador, colecionador e artista, que procura estudar o seu papel central no mercado de arte em Portugal.

Por altura da inauguração será apresentado um documentário inédito, gravado em 1992, onde na primeira pessoa Jaime Isidoro falará sobre a sua coleção e a relação que estabeleceu com vários artistas. No final da sessão decorrerá, ainda, o lançamento do livro "A nova Ordem - um caminho para a esperança" do economista José Vieira.

Do 27 de abril a 22 de junho de 2019 no Fórum Cultural de Cerveira.

Horário: terça a sexta-feira: 15h00 às 19h00; sábados e feriados: 10h00 às 13h00; 15h00 às 19h00. Entrada livre!



Requerimento para prospeção de Lítio

Confrontado com a publicação do aviso que uma empresa austríaca requereu a atribuição de direitos de prospeção e pesquisa de depósitos minerais, entre os quais lítio, para a área de Fojo, localizada no concelho de Monção, Melgaço e Arcos de Valdevez, António Barbosa informa a população de Monção que o Executivo Municipal está atento e vigilante a todos os passos nesta matéria.

António Barbosa sublinha

que a preservação ambiental do nosso território é um bem inestimável que tudo faremos para proteger. Assegura ainda que os interesses da população monçanense estarão sempre em primeiro lugar em detrimento de qualquer interesse económico.

Desde o despoletar deste

processo, estamos em permanente contacto com as câmaras vizinhas de Melgaço e Arcos de Valdevez, preparando uma posição conjunta para apresentar reclamação fundamentada à Direção Geral de Energia e Geologia dentro do prazo estabelecido no aviso publicado no Diário da República.





IV Encontro Minho Galiza

09 maio 2019

Quinta-feira
14h

Biblioteca Lúcio Craveiro da Silva

Debates
Animação

Literatura

Música Popular
Poesia

Convidados:

Francisco Castro – Editorial Galáxia – Galiza

Sofia Afonso – Centésima Página – Minho

Fernando Pena – Declamador – Minho

Rosália Fernández Rial – Poetisa – Galiza

José Miguel Braga – Encenador e Poeta – Minho

Alba Maria – Cantautora – Galiza

José Machado – Folclore e Cultura Popular – Minho

Xico Malheiro – Tocador de Cavaquinho – Minho

Moderadores:

José Manuel Mendes – Escritor – Minho

Carlos Pazos-Justo – Filólogo – Galiza

Noemi Basanta – Filóloga – Galiza

Entrada livre!

Organização e apoios:










Mais informações em:

www.facebook.com/encontrominhogaliza

E-mail: encontro.minhogaliza@gmail.com

Infoline: +351 962 383 342

A oposición crítica a aprobación provisional do PXOM

A Xunta de Goberno do Concello de Ourense acordou a aprobación provisional do documento de revisión de adaptación do Plan Xeral de Ordenación Urbana. Para o alcalde de Ourense, Jesús Vázquez “o futuro de Ourense está debuxado no PXOM. De ningún xeito os ourensáns e ourensás poden permitirse que o futuro da cidade se vexa paralizado por unha teima política”. O concelleiro de Urbanismo, José Cudeiro, explicou que o plan “suporá unha inversión de 1.325 millóns de euros para Ourense, así como a construción de 21.984 novas vivendas. Coa aprobación provisional, o Plan pasará á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urba-

nismo da Xunta para que sexa informado. A continuación volverá ao Concello, ben para corrixir eivas ou para proceder á súa aprobación definitiva por parte do Pleno que se constitua logo das eleccións do 26 de maio.

Desde Podemos Ourense “condenamos a aprobación unilateral do PXOM. O PXOM debe plasmar o modelo de cidade que todas e todos queremos, poñendo por riba o ben común de Ourense e non só o parecer dun partido que, falto de senso democrático, tal e como denota o seu desprezo do voto en Pleno, apura as súas últimas horas á fronte da Corporación para salvagardar os intereses dos poderes e grupos aos que se debe”.

O candidato á Alcaldía de Ourense polo BNG, Luis Seara, amosou a oposición da candidatura fronte a aprobación do PXOM a través dun subterfuxio legal amparándose nun informe do Consello Consultivo. O cabeza de lista sinalou que o PP fíxoo “de xeito covarde sen permitir que a cidadanía poida participar na aprobación deste instrumento”. O BNG trasladou o seu rexeitamento ante a aprobación do “pelotazo urbanístico” que realizou o PP no Concello de Ourense. “Nós xa advertimos hai anos de que se estaba a preparar un plan coa inclusión de Cudeiro na lista do PP” sinalou o candidato nacionalista.

“O PSdeG-PSOE vai estudar



Rafa Villarino con Natalia González, Rosa Martínez e Javier Rey, do PSOE.

en profundidade a posibilidade de presentar un recurso para analizar quen son as persoas beneficiarias destas modificacións”, anunciou Villarino, candidato socialista. “O PP furta esa competencia á democracia pola porta de atrás cun go-

berno noqueado sabedor de que non ten saída logo das eleccións”, dixo.

Democracia Ourenzá interpuxo recurso contencioso-administrativo no xulgado, para anular a aprobación provisional do PXOM de Ourense.

O PSDEG-PSOE esixe a dimisión de Manuel Baltar logo de confirmar o Tribunal Supremo unha trama de postos de traballo na Deputación

O PSdeG-PSOE esixe a inmediata dimisión de Manuel Baltar, logo de confirmar o Tribunal Supremo a existencia dunha trama do PP para colocar a dedo os seus amiguetes nos mellores postos da Deputación de Ourense, incumprindo manifestamente a lei e os principios constitucionais que deben dirixir os procesos selectivos públicos. Os socialistas advirten “das responsabilidades penais que poden derivar destas accións ilegais confirmadas polo máis alto tribunal do Estado, logo de inadmitir de plano o re-

curso presentado polo goberno provincial co que pretendían xustificar unha mandanga máis da familia Baltar, que ten secuestrada a institución desde hai case tres décadas”.

Os socialistas esíxenlle a Baltar que “que deixe de facer piruetas ilegais con cartos públicos e enchufes masivos”, e que “non escurra o vulto das responsabilidades das súas decisións ilegais”. “O artigo 34 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local, determina que corresponde en todo caso ao presidente da Deputación desempeñar a

xeftura superior de todo o persoal, así como aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e o persoal aprobados polo pleno, e aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo” recordan, polo que “el é o máximo responsable desta cacicada”.

Caciquismo

“Estamos ante un novo caso confirmado de caciquismo baltarista que busca a compra de vontades e o veto de outros aspirantes”, insisten os so-

cialistas antes de salientar que “son os propios maxistrados os que puxeron por escrito que Baltar vulnerou os principios de igualdade e non discriminación ou que creou un círculo cerrado para colocar a persoas en postos concretos, constrinxindo a convocatoria pública para vetar a posibles aspirantes”. “O presidente da Deputación debe dar a cara e dimitir sen agardar un día máis”, aseveran logo de recordar que a propia sentenza do TSXG fala da asunción de responsabilidades logo dos fallos xudiciais que confirman

ilegalidades.

O PSdeG-PSOE recorda que esta xa é a segunda confirmación por parte dos tribunais do carrusel de ilegalidades que caracterizan a política de persoal de Manuel Baltar, logo de tombar o ERE que, no seu momento, o presidente vendeu coma un gran acto personalísimo de responsabilidade para mellorar a institución e que, sen embargo, resultou ser un incumprimento flagrante máis da lei que os xuíces cualificaron como “absolutamente contrario ó deber de boa fe” recollido na lexislación vixente.